

ANUNCIO

BASES CONCURSO DO CARTEL DO ENTRUDIO 2025

VIANA DO BOLO

Con motivo da celebración do vindeiro Entrudio, o Concello de Viana do Bolo convoca un concurso para seleccionar o cartel oficial do Entrudio 2025, conforme ás seguintes bases:

1º.- Poderán tomar parte no concurso todos os creadores que así o desexen, co número de traballos que estimen oportunos, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

2º.- Os traballos presentados terán como única identificación un LEMA. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. O lema presentárase escrito, xunto co título do concurso, no exterior dun sobre pechado. No interior dese sobre incluírase, en papel e en formato dixital, a obra que opta ao concurso. Dentro do sobre maior meterase outro sobre máis pequeno coa seguinte información: nome e apelidos; fotocopia do DNI do autor/a; nome artístico —de estímalo oportuno—; enderezo actual e teléfono. Este último sobre abrírase despois da decisión do xurado.

Os concursantes responsabilízanse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como renuncian a toda reclamación por dereitos de imaxe.

3º.- O formato será vertical, cunhas medidas mínimas con tamaño A2 (420 x 594 mm); en caso de que sexan medidas máis grandes, deberán ser proporcionais. No caso de que a obra sexa presentada con sistemas informáticos, achegarase, ademais da reprodución a cor que reúna os requisitos sinalados, o correspondente soporte dixital de todos os ficheiros necesarios para a obtención do orixinal do cartel.

4º.- As obras levarán como único texto “ENTRUDIO 2025 - VIANA DO



BOLO. Do 20 de febreiro ao 5 de marzo”

5º.- O tema será libre de elección e interpretación do autor coa única premisa de representar o espírito entrudieiro de Viana do Bolo.

6º.- A data límite para a presentación dos traballos e obras é o 3 de febreiro de 2025.

No caso de envíos por Correos ou por empresas de mensaxería, non se admitirán entregas a partir das 14h dese día. As obras entregaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Viana do Bolo (Rúa da Constitución, 14, Viana do Bolo).

7º.- O xurado cualificador encargado de seleccionar os carteis gañadores estará conformado por un experto en artes plásticas e visuais, un profesor da comunidade educativa vianesa, así como un alumno e unha alumna do IES Carlos Casares, designados polo órgano competente municipal.

8º.- As decisións do xurado serán inapelables e faranse públicas a través dos medios de comunicación. De estimalo necesario, o xurado poderá propor melloras a algún dos traballos presentados para, de seren aceptadas polo autor/a, premialo; ou poderá propor que o concurso quede deserto. Todas aquelas persoas que concursen recibirán información por escrito dos acordos do xurado.

O Concello de Viana do Bolo corruxirá os posibles erros dos textos que figuren nas obras e resérvase a facultade de incluír logotipos ou anagramas na composición definitiva do cartel. Co obxectivo de intervir o mínimo posible no traballo gañador, recoméndase deixar espazo libre na parte inferior porque han de engadirse unha serie de logotipos (véxase nos carteis de anos anteriores).

A decisión do xurado farase pública na páxina web do Concello de Viana do Bolo a partir do día 7 de febreiro de 2025.

9º.- Co fin de incentivar a participación, haberá tres premios:

1º 200 euros + 2 entradas para a LIII Festa da Androlla

2º 100 euros + 1 quilo de androllas

3º 50 euros + 1 bica



10º.- Todos os carteis que se presenten a concurso pasarán a ser propiedade do Concello de Viana do Bolo. Dita propiedade inclúe todos os dereitos inherentes á súa libre reprodución, exposición e no seu caso transmisión. O Concello de Viana do Bolo resérvase todos os dereitos da propiedade material e uso dos carteis que participan no concurso e dos distintos elementos que os conformen, xuntos ou por separado, así como a súa manipulación e adaptación para adecualos nos diferentes soportes publicitarios e/ ou de difusión.

11º.- Os carteis orixinais en formato impreso non se devolverán, pero si os dispositivos nos que se presentasen en formato dixital, os cales poderán ser recollidas na Oficina Municipal de Información Xuvenil dende o 13 ao 17 de febreiro de 2025. Os dispositivos dixitais non recollidas nese prazo pasarán a ser propiedade do Concello de Viana do Bolo.

12º.- A organización terá un coidado estrito na manipulación das obras recibidas, pero declina calquera responsabilidade por perda, rotura, roubos ou danos sufridos nos carteis durante o seu envío, concurso e exposición.

A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A interpretación ou modificación, no caso de precisala, das presentes bases, é un dereito exclusivo do Concello de Viana do Bolo.

En Viana do Bolo, o 15 de xaneiro de 2025

O Alcalde, Andrés Montesinos Rodríguez

